



CONGRESO INTERNACIONAL CONTEMPORÁNEAS: POLÍTICAS, TRABALLADORAS E CONSTRUTORAS DE SOCIEDADE

Santiago de Compostela, 20 e 21 de Outubro de 2022

Versión preliminar para uso exclusivo neste congreso. Non citar sen autorización do autor.

Bibliotecarias, República e Guerra Civil entre a innovación profesional e a depuración franquista

Autor, Francisco Xavier Redondo Abal

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela

España

fran.redondo@usc.es

SESIÓN Nº 3: Mulleres e sociedade

Resumo:

A chegada, en 1930, dunha nova xeración de mulleres ao mundo laboral inscrito nas bibliotecas e nos arquivos españois representou un avance modernizador no tratamento bibliográfico e arquivístico dos seus fondos. A aparición desas profesionais supuxo tamén unha novidosa interpretación do uso e acceso á lectura pública, agora aberta e igualitaria, moi lonxe dos parámetros obsoletos, clasistas e eruditos dominantes até a chegada da Segunda República.

Esas arquiteiras e, especialmente, bibliotecarias quedaron integradas, tras superar unhas oposicións moi esixentes, no Corpo Facultativo de Arquiteiros, Bibliotecarios e Arqueólogos

(CFABA), organismo que englobaba os profesionais responsábeis do funcionamento dos diferentes arquivos, bibliotecas e museos arqueolóxicos que conformaban o sistema español de libros e lectura, documentación e outros aspectos relacionados coa cultura. O CFABA contaba, segundo a escala de finais de 1935, con case trescentos funcionarios espallados por todo o Estado español.

Aquelas mulleres, incorporadas desde os procesos selectivos de 1930/1931 e 1935, posuíron un elevado prestixio pois, xunto ao seu dominio da profesión, gozaran das bolsas concedidas pola Xunta para Ampliación de Estudos. Esas axudas fixeran posíbel estancias *pensionadas* no estranxeiro, permitíndollas coñecer os sistemas bibliotecarios máis avanzados de Europa, adquisición de idiomas, novas metodoloxías de traballo e un longo etcétera.

En consecuencia, falamos de mulleres novas e instruídas, moi identificadas co proxecto republicano de socialización da lectura pública que, tras a sublevación militar de xullo de 1936, pagaron un custo moi elevado cando os vencedores na Guerra Civil iniciaron os procesos de depuración de todos os funcionarios públicos que traballaban para o Estado. Así, o exilio, a postergación, o traslado, a marxinación e a inhabilitación serán as consecuencias derivadas da súa fidelidade republicana e democrática.

Palabras chave: Bibliotecarias, República, Guerra Civil, franquismo, depuración



O relato sobre a socialización da lectura durante a etapa da Segunda República está inexorabelmente ligado á entrada no Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos (CFABA) dun grupo de mulleres que, nun territorio dominado por homes, adoptaron como propios os desexos de mellora cultural inspirados polo réxime republicano. Profesionais aquelas que entenderon (e compartiron) axiña as palabras de Marcelino Domingo, primeiro ministro de Instrución Pública, cando afirmou: “Unha biblioteca atendida, ben coidada, pode ser un instrumento de cultura tan eficaz ou máis que a escola (...). Mestres e libros. É a gran semente que faremos sobre a terra de España”. Domingo facía referencia a ese 40% de analfabetos que vivían no Estado español cando foi proclamada a República, unha porcentaxe que ascendía ao 48% se falamos de mulleres residentes nunha contorna rural.

O que parece indiscutíbel é que, en 1931, os responsábeis do novo réxime democrático estaban convencidos de que o atraso cultural da metade da poboación española supoñía, antes que nada, a proba máis clara dunha secular inxustiza social. E así, dende o primeiro día, as autoridades republicanas centraron os seus esforzos en poñerlle remedio a un panorama cultural que ben poderíamos cualificar de feudal. Hai que lembrar que moitos daqueles líderes republicanos en ensino e educación – como Fernando de los Ríos, Manuel Bartolomé Cossío ou Antonio Zozaya – beberan nas fontes da Institución Libre de Ensinanza, creada en 1876, inspiradora dunha educación moderna e acorde cos tempos e manifestamente contraria a todo espírito e interese “de comunión relixiosa, escola filosófica ou credo político”, segundo rezaban os seus estatutos.

A idea central parte das bibliotecas como ferramentas básicas para loitar contra a situación de aculturación da maioría da poboación española. Por iso, o maior empeño foi rachar coa discriminación económica que representaba o acceso ao libro e a lectura: só a dispoñibilidade económica permitía chegar á cultura, á educación e aos títulos universitarios. Por iso se crearon multitude de bibliotecas que, obviamente, tiñan que ser dirixidas e organizadas por persoal especializado. E as mulleres xogaron un rol de gran importancia.

Como adiantabamos con anterioridade, ese persoal responsábel dos postos de lectura se encontraba englobado no CFABA, unha institución creada por un Real Decreto

de 17 de xullo de 1858. Tras diferentes cambios na súa denominación e mesmo nos seus regulamentos, foi en 1900 cando adoptou o seu nome definitivo, incidindo no feito de que os seus integrantes completaran estudos superiores, é dicir, foran licenciados ou doutores: así, a Escola Superior de Diplomática foi integrada nas Facultades de Filosofía e Letras. Xa durante a Segunda República dous feitos fundamentais aconteceron no seo do CFABA: a reorganización da Biblioteca Nacional de Madrid, por un lado, e a incorporación dos arquivos notariais nos arquivos histórico-provinciais.

Con todo, o salientábel deste período no referente ao funcionamento do CFABA hai que buscalo na súa composición, antes e despois da proclamación da Segunda República. A súa análise axudará a entender os progresos sociais dende moi diferentes ámbitos, quer na creación de bibliotecas, quer na nova concepción do libro e a lectura ou a aparición dunha nova cultura de masas orientada e dirixida por funcionarios profesionais e solventes. Novamente temos que subliñar que o papel das novas bibliotecarias resultou fundamental.

Malia o dito, hai que subliñar que, contra 1930, o CFABA era un corpo profesional masculinizado en exceso. Moitos dos seus membros ingresaran na institución nas décadas dos anos oitenta e noventa do século XIX e, como cabía agardar, neles dominaba unha ideoloxía conservadora, un pensamento patriarcal, un profundo sentimento ultra católico... A meirande parte deles declarábase monárquico e tradicional...

Se atendemos ao *Escalafón del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos*, totalizado en 31 de outubro de 1935 (menos dun ano antes do golpe de Estado do 18 de xullo), observaremos como o papel destinado ás mulleres estaba case vetado. Aquela escala estaba integrada por 294 profesionais. Hai que baixar até o posto noventa e un para atopar a primeira muller bibliotecaria: Ángela García Rives, que ingresou no CFABA no verán de 1913. Até xullo de 1930, outra dez mulleres lograron penetrar por oposición naquel territorio reservado para homes. Por outro lado, os tres primeiros postos desa escala estaban ocupados por Miguel Artigas, Francisco Álvarez-Ossorio e Miguel Gómez del Campillo, directores da Biblioteca Nacional, do Museo Arqueolóxico Nacional e do Arquivo Histórico Nacional, respectivamente. Esta non é unha cuestión menor: eles eran os profesionais que marcaban a pauta no funcionamento dos seus establecementos e, por extensión, de toda a profesión. E ningún deles viu con

bos ollos a incorporación de mulleres ao traballo bibliotecario ou arquivístico. Tampouco lles agradou o 14 de abril.

Dos case trescentos funcionarios encadrados no CFABA durante a etapa republicana, 250 estaban destinados en Madrid exercendo os seus labores na Biblioteca Nacional. Traballar na capital do Estado era visto como unha cuestión de prestixio pois, entre outras razóns, eludían o destino nos arquivos histórico-provinciais ou nas bibliotecas populares, algo que aborrecían. Nese ambiente, en vésperas do cambio de réxime, tivo lugar a primeira gran incorporación de mulleres ao seno do CFABA: en xullo de 1930 entraron na institución, tras superar unhas moi duras oposicións, trece mulleres. O segundo gran desembarco de mulleres, pouco tempo despois da proclamación da República, ocorreu en agosto de 1931, cando outras dezoito funcionarias acadaban o posto desexado. Por último, a derradeira chegada feminina ás filas do CFABA antes da Guerra Civil tivo lugar en febreiro de 1935, sumando outras quince novas funcionarias. En total, sesenta e oito mulleres lograron incorporarse ao Corpo Facultativo durante os anos republicanos. O número de homes na mesma situación ascendía a 226.

Todas aquelas profesionais eran, na meirande parte, licenciadas en Filosofía e Letras e moitas, antes de ingresar no CFABA, acadaran o título de doutora. Posuían unha vasta cultura, gozaran das bolsas concedidas pola Xunta para Ampliación de Estudos, creada en 1907, permitíndolles estadías no estranxeiro, o que lles proporcionou, ademais da aprendizaxe dunha lingua foránea, a adquisición das últimas técnicas en materia biblioteconómica. Ademais, publicaron traballos de investigación en diversas revistas profesionais, editaron libros e ensaios, colaboraron con institucións como o Centro de Estudos Históricos, participaron en congresos e exposicións...

Non todas elas, obviamente, se identificaron coa República. Incluso durante o Madrid sitiado polas tropas franquista durante a Guerra Civil, algunha delas traballou para a Quinta Columna, como foi o caso de Matilde López Serrano, militante falanxista que arriscou a súa vida boicoteando os labores de salvagarda do patrimonio bibliográfico, documental e artístico que protexían as autoridades republicanas. No entanto, non é menos certo que foron moitas as que pagaron un custo moi elevado pola súa fidelidade constitucional e democrática. Nomes esquecidos e vítimas da represión franquista, todas elas, pois a historiografía non lles prestou a atención debida.

A vitoria dos sublevados representou a fin dos avances que a República trouxera en materia de libros e bibliotecas e, ao mesmo tempo, deu inicio a un proceso inquisidor que desolou ao corpo facultativo. Digamos, a modo de resumo, que a depuración dos funcionarios que traballaban nos arquivos, bibliotecas e museos arqueolóxicos comezou nada máis producirse a sublevación contra o réxime constitucional. Porén, foi ao remate da contenda cando os mecanismos represivos contra as mulleres máis significadas na defensa da socialización da lectura agromaron sen piedade. Antes, o asasinato da facultativa Juana Capdevielle, o 18 de agosto de 1936, amosou a faciana máis atroz e abominábel dos sublevados. O seu corpo apareceu cosido a balazos nunha estrada moi preto de Rábade (Lugo), en concreto no quilómetro 526 da vía Madrid-A Coruña. Quedou á vista de todos, como un aviso a navegantes. O seu marido, Francisco Pérez Carballo, fora fusilado o 25 de xullo de 1936 en Punta Herminia, A Coruña. Era o gobernador civil da provincia. Capdevielle, licenciada en Filosofía e Letras, formada en Francia, Bélxica, Suíza e Alemaña, foi a primeira directora da biblioteca da Facultade de Filosofía da universidade madrileña.

Os expedientes de depuración non alcanzaron a bibliotecarias como Teresa Andrés, Josefa Callao, Concepción Muedra, as irmáns Luisa e Ernestina González Rodríguez, Victoria González Mateos e Concepción Zulueta. Todas elas causaron baixa na escala do CFABA por Ordes do Ministerio de Educación Nacional (13 de xuño e 22 de xullo de 1939). Para entón, as citadas atopábanse no exilio e, en consecuencia, sobraban as investigacións.

O calvario para as que nun puideron (ou non quixeron) partir tras a derrota republicana, chegou decontado. A Lei do 10 de febreiro de 1939 fixando normas para a depuración de funcionarios públicos comezou unha andaina ateigada de interrogatorios, informes, delacións e sancións para todas aquelas bibliotecarias “sospeitosas” de colaborar coas autoridades republicanas. O responsábel máximo daqueles expedientes de depuración ten nome: Pedro Miguel Gómez del Campillo, xa citado anteriormente, número tres na escala do corpo facultativo e xuíz instrutor único das causas abertas contra arquiteiros e bibliotecarios. Entre xullo de 1939 e marzo de 1942, Gómez del Campillo (destacado latinista e excepcional paleógrafo) escribiu centos de oficios solicitando informes sobre o concepto moral, político, social e relixioso de ducias de mulleres bibliotecarias ou arquiteiras. Para iso contactou cos xefes locais de Falange Española,

cos alcaldes das localidades onde residían as investigadas, cos responsábeis dos centros onde traballaban... Comunicou, asemade, cos militares do Servizo de Información e Policía Militar, co xefe da Sección de Servizos Especiais da Delegación do Estado para a Recuperación de Documentos, cos reitores das universidades e os decanos das facultades, cos sacerdotes das parroquias do lugar de residencia das funcionarias...

Con toda aquela información, Gómez del Campillo escribiu ducias de pregos de cargos que, nun prazo de oito días, serían contestados polas persoas acusadas. Tras unha entrevista (máis ben, interrogatorio) na sede no Arquivo Histórico Nacional de Madrid, lugar onde se asentaba o tribunal depurador, o xuíz elevaría un informe ao director xeral de Arquivos e Bibliotecas, Miguel Artigas, coas cualificacións finais e propostas de sancións. Ao final, o ministro de Educación Nacional asinaría o definitivo castigo.

As penalidades as que foron sometidas moitas daquelas bibliotecarias abrangueron dende o traslado forzoso coa prohibición de solicitar postos vacantes nun período de cinco anos ata a postergación durante o mesmo período de tempo, pasando pola inhabilitación para o desempeño de cargos de mando ou confianza e, por último, a separación definitiva do servizo.

Por unha cuestión de espazo e tempo, resulta difícil aquí ofrecer os pormenores dos procesos que afectaron as vítimas da depuración dentro do CFABA. Digamos, a modo de resumo, que entre as mulleres de orixe galega castigadas dunha ou outra forma atopamos os nomes de María Brey Mariño, María Muñoz Cañizo e Teresa Vaamonde Valencia. Todas elas marcadas co traslado desde os seus postos nas bibliotecas aos arquivos das delegacións provinciais de facenda, algo considerado “deshonroso” dentro da profesión. Tamén foron postergadas na escala, quedando paralizadas e perdendo as retribucións económicas que os ascensos por antigüidade lles corresponderían, ademais de observar como novas promocións pasaban por diante para vergoña xeral.

Por suposto, non foron as únicas. Resultan estarrecedores os casos de Luisa Cuesta Gutiérrez, Carmen Guerra San Martín, Hortensia Lo Cascio, Asunción Martínez Bara, Carmen Pescador del Hoyo, Consuelo Vaca González ou Concepción Zulueta Cebrián, está última expulsada da profesión sen estar exiliada.

O certo é que a Guerra Civil pechou unha oportunidade dourada no avance contra o analfabetismo e pola difusión cultural. A socialización da lectura pública foi condenada

ao esquecemento, os profesionais das bibliotecas e os arquivos – homes e mulleres – foron avisados de que, coa vitoria franquista, non había xa tempos de innovación e modernización. As bibliotecas volveron as súas épocas máis escuras e, xunto a queima e censura de autores e títulos, os centros de lectura regresaron á etapa discriminatoria, de elite e confesional.

As tentativas de modernización e igualdade en materia bibliotecaria traídas pola Segunda República foron axiña desmanteladas. Como moitos outros avances sociais, a vitoria dos sublevados levou ás bibliotecas e centros de lectura a un espazo en negro de onde non saíría até moitos anos despois.

Talvez, foi Josep Fontana quen mellor resumiu todo este drama cando escribiu: “É imposible entender o que significou a Segunda República española, e os motivos polos que se combateron os sublevados de 1936, se pasamos por alto diferenzas tan fundamentais como esta: a República construíu escolas, creou bibliotecas e formou mestres; o “réxime do 18 de xullo” dedicouse desde o primeiro momento a pechar escolas, queimar libros e asasinar mestres”. Ou como escribiu no seu día o poeta Heinrich Heine: “Alí onde queiman libros, rematan queimando homes”... E mulleres.